

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MÉRCORES, 1 DE ABRIL DE 2026**PRESIDENCIA****CARNOTA (A Coruña)**

12,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, asistirá a un encontro coas entidades que traballaron na definición do Camiño do Litoral e percorrerá un treito do mesmo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**A CORUÑA**

09,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, reunirse cos representantes da Asociación de fibromialxia e outras enfermidades Invisibles (Fibro Visibles).

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**ARES (A Coruña)**

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a unha beneficiaria do Bono Nova Oportunidade.

FERROL

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á inauguración da Feira Galega de Artesáns.

18,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á eucaristía e participará na posterior procesión do *Cristo dos Navegantes*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**LUGO**

11,45 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, reunirse co alcalde do Páramo, José Luis López.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

BEGONTE (Lugo)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na entrega dunha vivenda de promoción pública.

SARRIA (Lugo)

13,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobará a execución das obras da igrexa de Santa Mariña.

LUGO

20,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistirá á procesión do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE**O CARBALLIÑO (Ourense)**

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá ao acto *Izado de bandeira Sendeiro Azul*. O punto de encontro será na Ponte de Toscaña.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**MEIS (Pontevedra)**

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitará os traballos de limpeza e escavación arqueolóxica do petróglifo de Outeiro do Cribo.

PONTEVEDRA

20,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, asistirá á entrega de premios do torneo benéfico a favor da Asociación Española Contra o Cancro (AECC).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado do secretario xeral para o Deporte, Roberto García, participará na presentación dos maillots oficiais de *O Gran Camiño 2026*.

PONTEVEDRA

20,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, asistirá á final da XXXIV Copa Galicia masculina de fútbol sala entre o Noia Portus Apostoli FS e O Parrulo Ferrol.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

TOURO (A Coruña)

12,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, visitará a empresa Queizuar, beneficiara do programa Nexos para fomentar a I+G+i.

PARLAMENTO

12,00 h.- O secretario xeral técnico, Manuel Vila, e o director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, responderán na Comisión 4ª diversas preguntas relacionadas coa actividade dos seus departamentos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A CORUÑA

12,00 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, visitará a Fundación Hogar Santa Lucía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

TOMIÑO (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, e do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, realizará unha visita ao CEIP Pedro Caselles Beltrán, receptor do programa de axudas para proxectos de enerxía solar fotovoltaica.

Posteriormente, ás **12,45 h.** visitará o CEIP Barrantes, beneficiario do mesmo programa de axudas.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A CORUÑA

21,00 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, asistirá, xunto coa delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, á procesión do Santísimo Cristo do Bo Consolo e da Nosa Señora das Penas.

CIDADE DA CULTURA

10,00 h.- O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Damián Rey, asistirá á entrega de equipos informáticos á Banda de Música da Baixa Limia, no marco do convenio de colaboración coa Fegamp.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

A CORUÑA

10,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, e o secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, ofrecerá unha **rolda de prensa** sobre o Proxecto de Interese Autonómico (PIA) que se desenvolverá en Monte Mero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

11,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, e o xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, Luis Verde, visitará as obras dos accesos ao Chuac.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

10,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Ángel Facio, reunirse co alcalde de Porto do Son, José Luis Oujo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SAN AMARO (Ourense)

10,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, e o director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, reunirse co representante da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cristimil e A Torre, José Modesto Rodríguez.

ALLARIZ (Ourense)

19,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, e o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na celebración do Día das Artes Galegas 2026, dedicado a José Suárez.

PARLAMENTO

13,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, responderá unha pregunta relacionada co seu departamento na Comisión 4ª.
Con anterioridade, **ás 10,30 h.**, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, comparecerá a petición propia.

PADRÓN (A Coruña)

12,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, inaugurará a exposición *La colmena. 75 anos*, co gallo da celebración do aniversario da publicación da novela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

A CORUÑA

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, e pola directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará nunha reunión de traballo co persoal técnico da Rede de polos de emprendemento.

VIGO

18,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, xunto coa directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará na presentación do programa de actividades 2026 do *Camión do emprendemento musical*, apoiado pola Xunta.

12,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, xunto coa delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará na presentación da campaña *Adiviñar no que no Calvario podes mercar*, organizada polo Centro Comercial Aberto Calvario co apoio da Xunta, e visitará varios establecementos participantes. O punto de encontro será diante do Mercado do Calvario.

CAMARIÑAS (A Coruña)

16,30 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañado polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e a xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, intervirá na inauguración da 35ª edición da Mostra do Encaixe.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

RIBADAVIA (Ourense)

11,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, visitará a comunidade de montes veciñais en man común de Marcos, Picoñas e Feixa da Franqueirán, beneficiaria das achegas para paliar os danos dos incendios forestais de 2025.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SAN LÁZARO

12,00 h.- O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, manterá unha reunión co alcalde de Ribadeo, Daniel Vega.

CONSELLERÍA DO MAR**CANGAS (Pontevedra)**

11,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, visitará a empresa Pescados Marcelino.

SOUTOMAIOR (Pontevedra)

17,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, reunirse cos patróns maiores das confrarías con marisqueo a pé da provincia de Pontevedra.